

Unhas 400 persoas achegáronse á estrea do Festival Internacional de Curtas de Bueu

As proxeccións desta noite ábrense coa segunda das cintas galegas

Bueu, 6 de setembro de 2011. Preto de 400 persoas achegáronse onte luns ata o Centro Social do Mar de Bueu (Pontevedra) para asistir á primeira sesión do FICBUEU2011, organizado pola Concellería de Cultura, se ben algunhas non puideron entrar polo limitado do aforo. O público non só abarrotou o patio de butacas, senón tamén os propios corredores tempo antes de que ás 21.30 horas deran comezo as proxeccións. A organización lembra que a apertura de portas realízase todos os días ás 21.10 horas.

As proxeccións abríronse coa cinta galega 'Dúas letras', que arrancou os aplausos e as gargalladas do público e, por momentos, tamén as bágoas. O seu director, Eloy Varela, encargouse de presentala, aínda que entre os asistentes se atopaban membros do equipo como a escritora Fina Casalderrey, guionista da historia, e a súa nai, Carmen Fraga, protagonista do filme. 'Le maillot de Cristiano' (Bélxica), 'Le Piano' (Armenia/Francia), 'I don't feel like dancing' (Alemaña) e 'Tabu' (Bélxica) foron os títulos proxectados neste primeiro pase.

A segunda curta galega do certame, a comedia 'De qué se ríen las hienas', será presentada esta noite polo seu produtor, Xosé Zapata. A sesión continuará con 'Silent River' (Alemaña/Romanía), de Anca Miruna Lazarescu; a animación do cómic 'Stripburger' (Eslovenia), de Boris Dolenc; a española 'Khorosoho', dirixida por Miguel Ángel Jiménez, e a alemá 'Wie immer', do realizador Zubin Sethna. Mañá mércores, 6 de setembro, pasaranse 'Garagoutz' (Alxeria, 2010); 'Nena' (Arxentina, 2010), 'Seppi & Hias' (Alemaña, 2010), 'Morir cada día' (España, 2010) e 'Pizzanrillo' (Italia, 2011).

A actriz Uxía Blanco, entre o público

Un ano máis, púxose de manifesto a variedade de público que se dá cita no Festival Internacional de Curtametraxes de Bueu, con xente de todas as idades, desde nenos ata avós. Ademais do Concelleiro de Cultura, Andrés Lamosa, e outras autoridades, cabe destacar a presenza da actriz Uxía Blanco, que se interesou persoalmente por acudir ao FICBUEU2011. Ao remate, aproveitou para felicitar ao director, Manuel Pena, polo éxito do evento.

Todos os asistentes amosaron asemade gran interese por emitir o seu voto para elixir a curtametraxe gañadora do Premio do Público, un galardón dotado con 500 euros que se outorgará na gala de peche do vindeiro sábado. Os votantes poden ademais inscribirse para ser a persoa que entregue o premio ao gañador, en representación do público do festival.

SERVIZO DE COMUNICACIÓN
Carmen Novas 616 145 077
prensa.ficbueu@gmail.com